

A FESTA DO MAIO E O NOSO PCI

Antes de comezar, agradecer este encontro ao IEB na persoa de *Fernando Brugmann* que con tanto esforzo e dedicación fixo posible en Vilafranca falar con rigor, pero sobre todo con intención, da salvagarda do noso Patrimonio. A nosa asociación agradece sinceramente esta oportunidade convencida de que a dimensión local é vital ao traballar no patrimonio cultural inmaterial. Lembramos con morriña e agarimo a participación da Escola naquela iniciativa sobre o patrimonio berciano do ano 91, convocada tamén polo IEB. Daquela centramos a nosa intervención no mundo da gaita, unha visión fortemente comprometida coa revitalización da música tradicional á par do galego no Bierzo.

Cuantas veces temos escuitado “*xa é tarde para recuperar a cultura tradicional de Vilafranca e a contorna e menos para a fala galega no Bierzo*”, pero non, nunca é tarde, para que sobrevivan. Precísase tan só algo mui simple, un “nosoutros” en disposición, é dicir, xente que as poña ao descuberto e que se comprometa con elas, porque ambas de xeito inapelable forman parte da nosa historia e a nosa riqueza, vivir sen elas levaríanos a perder recursos e algo máis grave, a identidade, por iso é ben certo que a súa descuberta é necesaria e urxente. Están aí agochadas á intemperie dos tempos esperando sobrevivir ao espolio do silencio e da ignorancia de quen as tein pola causa que sexa caladas ou esquecidas.

O humilde papel da nosa asociación na defensa patrimonial nese camiñar entre a cultura tradicional e a lingua está intimamente ligado a Festa do Maio, que conforma unha especie de espiña dorsal da Escola de Gaitas dende hai 40 anos. Nunha primeira etapa da nosa existencia, establecido o compromiso anual coa revitalización do Maio a finais dos 70, manifestamos esa aposta editando unha serie de programas e carteis en galego berciano sobre os maios (anos 80), á vez que nos situamos tamén na vangarda da recuperación da música da gaita na comarca. Ditas expresiois marcaron as nosas actividades ata ben entrados os anos 90. Logo, co novo milenio, viñeron tempos de seren portadores e de asentar iniciativas referenciais para O Bierzo desenvolvendo anualmente propostas e iniciativas de dinamización na defensa da fala a través da Comisión Cultural Martín Sarmiento, a carón de labores de investigación sobre o patrimonio. No 2005 tomando como punto de partida precisamente a Festa do Maio formamos parte da candidatura ante a UNESCO do patrimonio inmaterial galego-portugués. En ambos campos recibimos distintos recoñecementos ao noso labor neste longo período que abarca desde 2004 ao 2018, entre o que podemos destacar o que se produce no 2008 relacionado coa Festa do Maio, a *Declaración de Interese Turístico Provincial*.

Non conclúen aí os nosos aportes seguimos dando pasos cara adiante. Digamos que á altura do 2010 coa edición do estudo sobre os Xigantes e Cabezudos de Vilafranca lembrando aquela primeira aproximación ao noso calendario tradicional (para as

Xornadas de Cultura e Lingua Galegas no Bierzo do ano 1994) comezamos a darlle voltas a unha alternativa de resistencia global para este interesante calendario local cargado de potencialidades situando a Festa do Maio á cabeza. Abrimos deste xeito unha nova etapa na traxectoria da Escola que pasa da vangarda á da salvagarda. Esta última será o fío condutor da exposición sobre o noso PCI.

Todos sabemos que a FESTA DO MAIO é unha das tradicións máis antigas da vila e do Bierzo. Mais nesta ocasión non se trata de que falemos do que é o Maio de Vilafranca en si, nin tan sequera de xustificar algo tan evidente como que esta festa é unha peza relevante do noso patrimonio inmaterial. É hora de reflexionar sobre como chegou ata nós e de como lla entregamos ás novas xeracións. Trátase de analizar o Maio como experiencia viva de revitalización e ferramenta para o futuro da salvagarda do noso patrimonio, instrumento de resistencia, un xeito de achegarse á identidade.

Finalmente, fuxindo de quedarmos na teoría traemos unha iniciativa concreta a poñer en marcha de inmediato: Elaborar entre todos unha alternativa que parta da preservación destas manifestacións vivas, como a Festa do Maio, que saiba mirar ao pasado e que deseñe un futuro distinto, fronte ao esquecemento, o abandono ou a negación da riqueza e da diversidade do noso. Pasemos logo a desenvolver a nosa exposición que se centrará no valor social da recreación e a transmisión continua da Festa do Maio e do noso PCI seguindo a seguinte estrutura en tres apartados:

- *A Festa do Maio que recibimos.*
- *O valor da Festa do Maio como referente do noso PCI*
- *Unha proposta colectiva e aberta para salvagarda do noso PCI*

A FESTA DO MAIO QUE RECIBIMOS

Un maio-humano do Noroeste peninsular máis a punto de desaparecer

O maio-mozo ou humano era común aínda en moitas vilas de Galicia no século XIX e principios do XX (Compostela, Lugo, Celanova, Mondoñedo, Monforte, As Nogais, O Barco de Valdeorras...) tiñan un maio como o noso. Feitos como a Guerra Civil, a emigración e o abandono do rural foron facendo desaparecer estes tradicionais festexos ata practicamente a súa extinción total. Só en Vilafranca do Bierzo resistiu aínda que dando claros síntomas de esgotamento a finais dos anos 70.

Os perigos que fixeron desaparecer case por completo os maíos humanos en tantas vilas do Noroeste seguen activos ameazando ao noso maio e a tantas outras manifestacións do PCI. Falamos da desruralización galopante que reduce e mesmo baleira pobos enteiros. A conseguinte caída da natalidade nos pobos son o augurio do que logo será o abandono do rural, verdadeiro virus nocivo da sociedade contemporánea. Daba daquela os seus primeiros pasos a globalización persistente arrastrando inexorablemente aos seus principais portadores, a rapazada, cara a outro tipo de divertimentos urbanos “máis atractivos” ante a inexistencia dun apoio ao rural intelixente por parte das administracións capaz de frear esa destrución absurda. Inconscientes, as corporacións locais vían como aumentaba a emigración e se baleiraban os pobos sen alternativa, tamén había falta de criterios de como manter vivas as tradicións. As vilas con maior capacidade de resistencia comezaron a imitar propostas como os *concursos de maíos* que existían xa en lugares como Pontevedra ou Ourense. Ben cerca de eiquí no Barco de Valdeorras copiaron mesmo un tipo de maíos figurativos da capital ourensá abandonando os seus propios, os máis humildes maíos humanos.

Esta moda dos concursos tamén chegou a Vilafranca. Navegaba o mundo tradicional aínda vivo á deriva cara á súa extinción inmediata. Un exemplo desa inxusta marxinação era o desinterese e adscrición infantil da Festa do Maio, que ameazaba con desaparecer e, como canto dun cisne, foi cuando se imitaron os concursos doutros lugares, algo que non era unha solución.

Durante os anos 60-70 os concursos foron intentos caprichosos de exhibición das forzas vivas do Franquismo na nosa localidade que implicaba a introdución dun afán competitivo. O P. Aizpuru, un padre paúl referente daqueles tempos grises, deseñou un maio de exhibición na Praza Maior (daquela chamada do *Generalísimo*) creando un público estático que se organizou en filas para só ser espectador. Houbo, a imitación doutras convocatorias, premios municipais que semellaban estar “medio amañados”. Para máis inri introducíronse unha chea de “novidades” como que soaran as coplas traducidas ao castelán ante as autoridades, un coro de ninas e ninos vestidos con indumentarias folclóricas, un proceder e un final de festa ben distintos aos tradicionais. Afortunadamente aquel “boom” non espertou nos gobernantes locais un maior interese e o concurso tipo unha vida curta e intermitente naqueles tristes anos.

Cun espírito continuista, recuperada a Democracia, no ano 80 volveu puntualmente a celebrarse un concurso, unha iniciativa pouco ocorrente cuando xa a mocidade da vila vertebraba unha alternativa diferente. Un grupo de mozos levabamos escasamente un ano tentando revitalizar os maíos de Vilafranca aplicando unha fórmula máis respectuosa coa tradición. Debíamos primar a funcionalidade social derivada da convivencia e non de competencia entre veciños, sen distorsionar o sentido da festa, dos valores tradicionais que lle confiren identidade. A Festa do Maio foi sempre unha festa participativa, naturalmente sen premios, que tras percorrer a vila ía procurando o contacto natural e pausado cos veciños, podía rematar na Praza Maior (sen coches mellor) para facilitar ese encontro coa xente. A única e pequena innovación que fixemos para reforzar o carácter colectivo, foi o canto conxunto de varios cortexos de maíos e unha celebración con todos os participantes co recollido nos petitorios nunha comida campestre.

A FESTA DO MAIO COMO REFERENTE DO NOSO PCI

Claves para a revitalización dunha tradición

Recibímola débil, considerada algo menor “cousa de ninos”, cuando non esquecida ou marxinal, máis xusto sería dicir maltratada. Pero 40 anos despois, podémola considerar revitalizada e liberada do seu sentido marxinal. Investigamos e documentamos a tradición que hoxe é máis forte (tanto que aprendemos que corre risco de masificación). Botamos en falta, sen dúbida, a sinxeleza e humildade de antano, pero sabemos da necesidade de manter ben presente a esencia do patrimonial.

Foron, son, estamos falando de cuatro décadas de traballo duro que non realizamos sós. Tivemos a fortuna de que vivimos nunha vila amiga e amante das tradicións que axiña entendeu e contribuíu a que o noso soño de revitalización fose cobrando visos de realidade. Isto que se denomina na linguaxe actual FORTALEZAS.

Tamén houbo e perviven DEBILIDADES. Por exemplo, tivemos serios problemas e desencontros coas administracións, especialmente coa local, aínda que isto foi mudando ante a evidencia do vigor desta manifestación patrimonial e tamén á habilidade de procurar a colaboración nun momento dado da Xunta de Galicia coa que soubemos sortear o cerco de das (en teoría) administracións máis próximas, como son a provincial de León e Autonómica de Castela e León, mesmo o Consello Comarcal que xogaron durante unha longa tempada no campo tan habitual do “silencio administrativo”, da calada por resposta.

No seguinte decálogo reunimos e resumimos os principais trazos a destacar deste proceso de posta en valor da recreación e da transmisión da Festa do Maio:

<u>DEBILIDADES</u> do maio nos anos 70	<u>FORTALEZAS</u> que impulsou a Escola
1- A piques de desaparecer nos anos 70 como moitos outros.	1- Permanencia no tempo: sacar os maíos humanos todos os anos.
2- Perda de comprensión da simboloxía do ciclo das estacións.	2- Destacar o rito anual de encontro das persoas co ciclo natural.
3- As novas xeracións de ninos e ninas non coñecían a tradición.	3- Cuidando nas escolas o futuro da tradición: Charlas para ninos/as.
4- Non había ningún estudo nin referencias escritas.	4- Estudar o sentido, coñecer a esencia da tradición.
5- Perda da tradición oral en galego e castelanización de coplas.	5- Difusión da tradición oral en galego. Reforzo escrito da fala como mostra da nosa riqueza cultural.
6- descoñecida fóra da vila, para o Bierzo, Galicia e Castela e León.	6- Destacar a Festa do Maio como factor de identidade berciana.
7- Marxinal no calendario festivo local.	7- Arroupar a tradición: subliñar o seu carácter destacado no calendario festivo local.
8- Escaseza de veciños/as portadores activos da tradición.	8- Involucrando a toda a veciñanza a participar na revitalización.
9- Goberno municipal despreocupado pola pervivencia do costume.	9- Procurar implicar ao goberno municipal como promotor responsable e respectuoso.
10- Ignorancia e marxinalización das administracións provinciais e do Estado.	10- Chamada de atención sobre a salvagarda ás administracións provinciais e autonómicas.

Caemos na conta da importancia da reflexión constante á hora de abordar esta necesaria revitalización. Hai que cuestionar con carácter permanente o proceso: Toda actualización dunha tradición pode deformala. Debemos logo procurar manter a súa esencia. Cal é?

A Festa do Maio é unha manifestación aparentemente sinxela, pero no fondo mui complexa, acorde a usos, expresiois e coñecementos herdados da comunidade, como fórmula de instalación na nosa paisaxe humana e natural, eses espazos significativos inherentes e inseparables da tradición, unha ferramenta útil para afirmar o nós do presente.

Un costume que transmitido de xeración a xeración, por transmisión oral seguramente dende que naceu a nosa vila (como podemos constatar a pouco que mergullemos en certos detalles das coplas e da súa melodía). Unha Letra e unha música que non varían e que ademais son marca para o conxunto da vila o ciclo anual das estaciois e dos produtos que nos ofrece a terra desde as cañaveiras e flores ata as castañas e os propios amores. De aí a transcendencia de ser recreado ano a ano, como diría o poeta un rito “*maxicamente vello, eternamente novo*”. Todo un símbolo da nosa personalidade, da singularidade da nosa riqueza patrimonial. O Maio que nos transmite identidade.

A Festa do Maio vén a ser a punta do iceberg dese universo agrario dos nosos paisanos. Cuando escuítamos dos nosos maiores: *Hai que comer castañas maias o primeiro de maio para que non che dea o desmaio!* Temos que entender que detrás deste dito hai un profundo saber do ciclo rural, máis aló do ciclo da castaña, que sitúa o “ritual” como unha peza concreta dun denso calendario de manifestaciois que abarca todo un ano de traballo.

Logo esa riqueza viva podémola e debémola ver formando parte dun conxunto patrimonial máis amplo de afirmaciois culturais que precisan que as poñamos en valor se non queremos tirar pola borda o tesouro que agochan.

Lembremos que conservar o carácter singular do noso maio faise máis transcendente por ser o único “maio mozo” conservado sen interrupción do noroeste peninsular: O noso maio é o único exemplar vivo en Castela e León. Hai 100 anos común, pero hoxe case desaparecido en Galicia.

Sobre os protagonismos na salvagarda do PCI e as ameazas presentes

Os dous elementos sobre os que descansa o futuro do PCI son os cidadáns e as administracións que funcionan como protagonistas neste proceso social de transmisión. A lingua galega establece un matiz interesante diferenciando os conceptos “nosoutros” e o “nós” que o imos aplicar á hora de definir e distinguir aos portadores (é dicir, nosoutros, ese grupo determinado de xente que asume o rol de transmisor) e a cidadanía (o nós, o conxunto máis amplo e indeterminado que actúa como receptor). Estamos falando dun conxunto de bens patrimoniais que dependen das xentes que lle dan sentido, que o viven e dinamizan. En primeiro lugar son imprescindibles os portadores (nosoutros). Ao lado está un grupo mui heteroxéneo de persoas que se poden sentir atraídas e/ou identificadas, ou non, con esa manifestación (son o “nós”, os veciños da vila, tamén os visitantes) a cidadanía. Finalmente está a administración que debería velar pola salvagarda, algo tamén de primeiro da EXB, “*se teis unha riqueza, un tesouro nas túas maos debes coidalo, expoñelo e sacarlle partido sen botalo a perder, sen estragalo*”. Pero pola contra habitualmente a administración mantén unha actitude que vai desde o descoñecemento á incompetencia. Frecuentemente amosa desinterese, non considera relevante este aspecto patrimonial, desatendendo o seu deber e obstaculizando o seu desenvolvemento natural. Pode, iso si, que se percibe como beneficiosas estas manifestaciois do PCI tente aproveitarse, rendabilizalas e instrumentalizalas de xeito basto e obsceno como capital político. Todo isto ocorre por defecto do mecanismo democrático no que nos asentamos, que debería funcionar de abaixo arriba e non de arriba abaixo. Algo do máis elemental como é escuítar e empatizar coa xente do común, esquécese ou malinterpretase. A

administración debe cumprir a súa función, estar realmente ao servizo da cidadanía, cousa que os políticos din de palabra, pero que poucas veces levan a cabo.

As actuacións da administración convértense con frecuencia nunha nova ameaza para o desenvolvemento do PCI tanto por activa como por pasiva. Sonche os riscos que cita a UNESCO como a fosilización ou paralización de manifestacións inmateriais motivadas por axentes externos a causa de políticas conservacionistas, un turismo masificado e depredador. Tamén se poden dar estes síntomas debidos a agresións empresariais que a vista gorda ou a falta de planificación de gobernos e gobernantes permiten. Levamos anos vendo agredido o rural ata convertelo en terreo industrial e/ou baleirado, abocado á desaparición, converténdoo nun lugar de especulación.

Frecuentemente as debilidades, ameazas e perigos actuais que agreden o noso patrimonio no seu conxunto derivan de políticas erradas que veñen afectando gravemente dende hai décadas que fomos citando: Despoboación, desruralización, globalización galopantes ás que se suman a falta de resposta das administracións ante o impactante deterioro do capitalismo vixente. Recentemente estas ameazas maniféstanse e concrétanse en tres lacras nas que quixeramos facer fincapé á hora de analizar este capítulo: O turismo “depredador”, os macroproxectos eólicos e a pandemia.

O turismo agresor e irracional, que ben se podía denominar de xeito pexorativo “tuzarismo” é ese turismo irrespectuoso co medio e os habitantes naturais dos territorios obxecto das visitas. Irresponsable porque non asegura unha relación equilibrada entre o local e o visitante, tende á masificación, por unha banda, e imposibilita, pola outra, unha diversificación natural das actividades económicas que beneficiaría ás poboacións afectadas, cando non destrúe ou intervéñ de xeito irreversible nos espazos patrimoniais para “acondicionar” accesos, estacionamentos ou infraestruturas necesarias para a explotación turística, antepoñéndoas mesmo á integridade dos propios bens. Debemos esixir e educarmos nun turismo integrador, responsable e respectuoso, non desproporcionado e que implique unha relación diferente co noso PCI e redunde na súa posta en valor e salvagarda.

Pola contra os espazos naturais e culturais que deberían ser obxecto de protección como o que rodea a nosa Festa do Maio e que se que poderían beneficiar dun turismo sostible, ecolóxico e cultural vese inoportunamente ameazado por ese capitalismo feroz que pretende instalar uns macroproxectos eólicos que baixo o paraugas das enerxías limpas destrúa a integridade dos nosos tesouros patrimoniais, hipotecando o seu futuro. Esta nova ameaza resulta máis inminente ante a falta de resposta por parte da administración que carece de leis de protección destes espazos ecoculturais vitais para a salvagarda do noso PCI. Vivimos nunha sociedade destrutiva que atenta constantemente contra o corpo da identidade do común, contra a personalidade e a riqueza colectiva dos pobos para beneficiar a uns poucos, ricos xa, distantes despreocupados do patrimonio.

A pandemia representa unha ameaza en canto a que a Festa de Maio non se entende sen a socialización, o agrupamento e o contacto veciñal polo que debido ás restricións e confinamentos, a prohibición de concentracións e as limitacións no uso dos espazos públicos pode considerarse unha ameaza de perdurar no tempo. Pero debemos de destacar que contrariamente ao que se puidera pensar, a pesar da COVID, esta evidenciou a fortaleza da identidade.

A pandemia permitiunos entender tanto a transcendencia necesaria dun evento de socialización para todos nós, válido non só para o Maio.

Especialmente significativo a resaltar é que a Festa do Maio enténdese como un valor da identidade propia asumida polo conxunto (non só os máis novos ou os membros da

Escola). Os balcois cheos de xente de toda vila, pero tamén de vilafranquinos que residen fóra, ou de bercianos, sentido como ben patrimonial incluso máis aló do local. (O vídeo que Pepo e Marisa realizaron coa colaboración de centos de fotos e vídeos o 1º de maio do 2020 evidencian que vellos e novos, que Vilafranca séntese en conxunto portadora).

A pandemia incide no potencial dos portadores. Neste segundo ano fíxo emerxer tanto a preocupación de modular unha certa masificación, que era xa unha constante en anos anteriores, como, sobre todo, na transcendencia de seguir cuidando a transmisión aos máis pequenos/as, no sentido de que se vexan motores ou portadores como o foron antano (un innumerable conxunto de ninos), invitar e permitir vivir a identidade ás novas xeracións.

O valor da recreación e a transmisión

Co dito ata aquí cremos que queda argumentado o valor da recreación e da transmisión dun costume tradicional como a Festa do Maio. Permite dar unha resposta colectiva de resistencia ante as constantes agresións a nosa cultura, á diversidade e a riqueza patrimonial que representa vivir a identidade non só o 1º de maio, vivila nos traballos e os días, no contacto diario e necesario coa Terra.

Insistimos como, por un lado, se volve esencial a Natureza. O coñecemento e respecto aos ciclos naturais. O respecto á paisaxe como elemento vertebrador do nós. Sentir a terra. A paisaxe tamén se sente na festa e forma parte dela ao ser a evidencia humana do ciclo das estacións que se celebra e manifesta á vez na propia paisaxe.

O calendario festivo, son marcas do ciclo do ano dun mundo rural que nos lembra a importancia de cada paso desde a sementeira ata chegar á colleita. Nos maíos a mocidade e a vellez se atopan nun espazo de convivencia e de roles de transmisión, evidencia normalizada do ciclo da vida.

A comunidade que se reconece vestindo as cañaveiras, cantando e comendo castañas secas, coas palabras coas que fala e escollendo entre os produtos e vexetais da contorna como símbolos seus, mecanismo de vivencia da identidade integral, de encontro e cohesión entre a sociedade, a natureza e a lingua, algo tremendamente necesario e urxente no Bierzo. A tradición oral transmisora a través do canto dun idioma e dunha personalidade histórica milenaria. Música e produción, traballo e festa ligados á terra que determinan a simboloxía das tradicións e constrúen a alma da identidade.

Estas ligazóns substanciais que atinxen tanto á paisaxe natural como á cultura e á lingua, son menos evidentes que nunca para os seus portadores de hoxe, xa que na súa meirande parte non son labregos, non precisan das *maíolas* para vivir e, con tanto ruído mediático, non poden evidenciar a dependencia que temos da Natureza, aínda que si e, se cuadra, cada vez con maior forza, senten a importancia da Ecoloxía. Engádesse á desruralización, en paralelo o feito de que se está perdendo o idioma no que se canta, a fala dos avós e das avoas que xa poucos mozos usan a diario. Sen poder reivindicala directamente como tal, entendemos que a oralidade como fórmula de coñecemento si que forma parte do PCI, logo puideramos considerar a fala (necesaria para a transmisión oral de saberes) unha das manifestacións máis débiles, pero á vez máis significativas da nosa identidade e dunha relevancia ineludible e irrenunciable, moi presente no conxunto de manifestacións do PCI local e comarcal.

Na Festa do Maio xogan un papel esencial as palabras, a cadea de transmisión oral e a comprensión da funcionalidade do evento cíclico asociado tanto á cohesión social como a empatía co entorno rural e natural. Para a súa salvagarda debemos preservar, en boa

medida, o mundo natural na que se asenta a comunidade que, á vez, usa a lingua na que se manifesta como elemento de cohesión.

Á fractura da comunicación avós/ avoas e os seus netos/as súmase o deterioro de espazos tradicionais de uso e a falta de medidas reclamadas ás administracións que potencien tanto aqueles como outros novos espazos de dinamización cultural e lingüística deste valor patrimonial da oralidade polo que se fai ineludible e tremendamente importante recompoñer eses espazos de uso de costume que se crean arredor do calendario tradicional.

A Festa do Maio convértese así tamén nun espazo de uso a preservar, especialmente relevante, un hábitat de resistencia fronte a debilitada a oralidade e a urxencia de intervención neste terreo. Xa de por si neste mundo global a transmisión inter-intraxeracional está en perigo produto da despoboación do rural e a consecvente baixa natalidade. A fala habitual atópase nunha enorme indefensión, de vello marxinaada, sen dereitos recoñecidos de feito, sen políticas de protección axeitadas, ou con medidas de intervención aínda tímidas e insuficientes (mal ou pouco planificadas) que impidan frear a perda de galegofalantes entre os máis novos/as.

Por outra banda, a Festa do Maio perde sentido sen todo un conxunto de elementos de cohesión que a ligan á agricultura e á paisaxe rural como o ciclo da castaña onde o contrapunto ás maiolas e aos maios está nos soutos e nos magostos do mes de novembro, mesmo a simboloxía da fecundidade da vida que evocamos no festexo da primavera deitando, botándolle castañas e levantando o maio, ten o seu contraste no Mes de Defuntos coas castañas que a eles se lles ofrendan. Logo se queremos salvagardar o Maio sería aconsellable non perder tampouco outros costumes que lle transmiten coherencia no ciclo das estacións. Son tradicións dalgún xeito inseparables dese mundo rural sostible e con futuro, ecocultural que defendemos como alternativa á globalización capitalista depredadora que nos reta.

As nosas fortalezas levántanse co maio. Un novo valor social da recreación e transmisión continua da Festa do Maio está no seu papel como motor, punta de frecha ou iceberg emerxente que logrará poñer en marcha un proxecto de salvagarda colectivo de amplas dimensións sobre o noso PCI. Xera algo máis que un atractivo de interese turístico cultural, da vivencia dunha tradición única no Noroeste Peninsular. Cremos que un dos retos que debemos abordar portadores e administracións é saber xestionar este legado. Hoxe estamos dando resposta eiquí a este reto, forxando unha proposta do maio como revulsivo, atrevémonos a velo case como un elemento de contracultura, que reivindica o potencial dun conxunto patrimonial maior.

Debemos pois observar a Festa do Maio con ollos de hoxe, sen deixar de mirar ao pasado, unha xenerosa mirada do presente e de ollos abertos ao futuro. O noso interese e a nosa humilde contribución nos 40 anos da historia da Escola de Gaitas, agora quere ser algo máis que unha experiencia válida de revitalización. Cremos que pode e debe converterse nun proxecto colectivo de toda a vila, como non hai dúbida que o é tamén outra das manifestacións máis sinaladas da Vilafranca do Patrimonio Inmaterial: *A Danza de Xigantes e Cabezudos*.

Deteñámonos, antes de concluír, por un instante a comprobar as semellanzas que existen entre elas detallando brevemente algunhas claves desta manifestación do PCI de Vilafranca, a cara máis moderna das nosas tradicións:

A Danza de Xigantes e Cabezudos, como a Festa do Maio, é unha celebración que serve como reforzo anual de identidade: Trátase dun ritual festivo de encontro, marcado con

sinais como as campás e a procesión patronal (clara funcionalidade social, relixiosa e identitaria) resultando unha marca vital de reafirmación dos veciños/as polo seu futuro.

Tamén hai unha melodía e mesmo un canto se repiten: Aflora de novo o idioma do pobo (no canto: *Os palillos de madeira*, na mesma denominación tradicional: *As ananas*) ademais da música da gaita asociada ao baile dos xigantes (verdadeiras fortalezas desta tradición ao se converter e considerarse unha especie de himno da vila e, máis recentemente, do Bierzo).

De novo observamos simbolismos: Tanto no carácter festivo que comeza co volteo das campás, entre os sons singulares da festa, como o feito mesmo do baile. Subxace a identificación popular do Mal, no deforme dos xigantes e cabezois, fronte á figura do Ben asociada a Cristo. Hai ademais todo un ritual de cohesión comunitaria que se establece xa na véspera do día grande co desfile dos xigantes por toda a vila (os Maios e os Xigantes percorren unha gran parte das rúas e prazas vilafranquinas). Apreciábase con claridade hai unhas décadas nos petitorios dos cabezudos, abrindo paso á comitiva coas súas varas (antes vexigas), chegando a todos os currunchos, solicitando cartos a calquera viandante ou debaixo dos balcois (algo que deberíamos recuperar pois está aínda vivo na memoria de moitos vilafranquinos).

Esta expresión conserva un patrimonio material asociado moi notable e significativo (algo que poderíamos considerar unha das súas fortalezas): Os seus xigantes e cabezudos que superan, os máis antigos os 150 anos de bailes ás súas costas. Estas cabezas con auténtica devoción e con agarimo, ano tras ano, foron postas a punto por un grupo de persoas vinculadas coa Confraría como a familia Colomer ou Beberide nas que singularizamos o noso agradecemento máis sincero.

Como xa sinalamos a *Danza de Xigantes* tamén presenta debilidades como a evolución dos cabezudos (perda das vexigas, petitorios pendentes de recuperación...). Débense engadir neste apartado de patrimonio material as súas vellas campás no sinalado campanario de San Nicolás o Real, sen o seu volteo fragmentaríase o universo sonoro e simbólico da festa.

Nesta tradición, como na do Maio, a irrupción da Escola nas últimas décadas vén sendo interpretada (algo que nos agrada) como unha garantía de futuro das mesmas. O noso afán de feito resulta unha fórmula práctica de salvagarda, que asentada no seu vigor e difusión, estea acompañada ademais dunha documentación referencial que facilitamos coa publicación en 2010 do libro *Palillos de madeira. Os Xigantes de Vilafranca do Bierzo*. Con esta edición propiciamos xa no 2011 a celebración do 150 aniversario das cabezas máis antigas dos nosos xigantes desta tradicional Danza. Provocamos cambios respectuosos coa tradición, que sen variar a esencia, marcan o obxectivo de manter vivas estas facetas do PCI.

UNHA PROPOSTA COLECTIVA E ABERTA PARA A SALVAGARDA DO NOSO PCI

Unha nova dimensión da festa do maio

Chegados a este punto se ben consideramos a Festa do Maio un dos símbolos destacables de resistencia da nosa identidade non podemos perder de vista que é, á vez, unha máis dese corpo de manifestacións débiles do noso PCI estreitamente ligadas ao mundo rural e

a súa expresión oral, propia do Bierzo, ameazadas como xa sinalamos pola súa perda progresiva de funcionalidade no contexto da globalización imperante.

Esta proposta que aquí traemos, parte dun texto máis detallado que elaborou a nosa asociación para a solicitude dunha subvención relativa a proxectos de salvagarda do Ministerio de Cultura do PCI no ano 2019. Este proxecto buscou o compromiso do goberno municipal e doutras entidades da vila para poder desenvolverse. Ao ano seguinte, conxuntamente con Cultura 54, volvemos sobre a proposta para solicitar de novo ditas axudas. Este mes de maio pasado a Escola levou a cabo unha reunión con Cultura 54, O Fiandón Berciano e Concello de Vilafranca na que tratamos este mesmo tema postulamos. No mes de xuño de novo elaboramos unha solicitude para a Declaración como Bien de Interés Cultural da Festa do Maio, como manifestación representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial ante a Junta de Castilla y León. Finalmente hoxe como conclusión desta exposición invitamos a facer *un calendario de traballo sobre PCI local* para os próximos meses, emprazándonos a unha nova reunión cos entes eiquí presentes para darlle continuidade a este primeiro debate e camiñar cara a concreción de dous obxectivos nos que asentar a proposta de salvagarda para Vilafranca e contorna:

- Inventario do PCI local.
- Posta en marcha do Centro Vivo da Tradiciois que coordine actividades.

A idea é que no mes de marzo coincidindo coas XIV Xornadas Martín Sarmiento deamos á luz o primeiro dos plans anuais, o do 2022 de salvagarda do patrimonio de Vilafranca.

O Inventario e o Centro vivo das tradiciois

Cuando falamos de inventario pensamos no calendario enteiro, non só do festivo, senón tamén o cotián do traballo (hortos e ríos, soutos e viñas, casas de teito e cortiñas, dinámicas sociais e de traballo do día a día nas que teña sentido funcional ese calendario de festas.

Este patrimonio está na corda frouxa hoxe máis que nunca porque nos está afogando un capitalismo feroz que mata a diversidade, foxe da funcionalidade do tradicional, instálanos nunha existencia antioecolóxica. Só podemos revitalizar, restaurar, é dicir, procurar salvagardar e preservar como manifestaciois vivas pensando nunha alternativa de cambio en clave ecocultural conxunta, comunitaria.

Non queremos realizar un esforzo sobre o noso patrimonio exclusivamente para conservalo morto como peza fósil nun Museo, facéndolle perder o seu dinamismo. Apostamos pola viabilidade do PCI por vivir a identidade. Cremos pertinente de todos os xeitos a importancia dun espazo referencial que poña en valor o vigor das tradiciois, que faga memoria do seu pasado, documente e investigue sobre o patrimonio e, sobre todo, deseñe acciois de salvagarda pensando no seu futuro vivo. Haberá, como non, manifestaciois irrecuperables, outras dificilmente recuperables e tamén un bon número

que non nos custe tanto revitalizar. Todas elas terán o seu lugar nesa Casa para a dinamización das tradicións.

Vexamos algúis argumentos para a viabilidade dun Centro Vivo das Tradicións. Será un lugar para a salvagarda entendida como algo vivo en proceso de recuperación, onde se faga provisión dun inventario do PCI e que deseñe iniciativas de futuro das tradicións.

Ante a debilidade evidente pola falta de concreción material do inmaterial, un Centro vivo será un lugar que avive a memoria e onde conviva coa actividade, un espazo para reflexionar, estudar e coordinar a revitalización de manifestacións do PCI que xa de por si precisan atención. Vertebrador e coordinador de iniciativas, unha permanente invitación a participar do proceso de revitalización da identidade a propios (esa veciñanza que non é ou non se sente aínda portadora) sen excluír a calquera amigo/a das tradicións.

Fuxindo de centralismos (debe servir de difusor de todos os espazos do conxunto do concello e da entorna onde se desenvolvan manifestacións do PCI), e sen afán dirixismos paternalistas ou sobreprotectores (un respecto absoluto e escrupuloso polos portadores das tradicións e os seus hábitos, espazos e ambientes concretos). Evitando o *tuzarismo* ou turismo acultural, irrespectuoso e masificacións turísticas desleigadas.

Educar contra o turismo túzaro. O turismo non pode ser depredador que dos espazos afogando o seu vivir natural. Pola contra debe ser respectuoso que evite a masificación ou a agresión ao patrimonio. En lugar do deterioro dos bens inmateriais, debe promover a integración, a posta en valor ou o cuidado do mesmo. Non queremos visitar pobos mortos ou pantasmas, baleiros de xente de vivencias e dos pequenos negocios da economía veciñal, dos traballos e os días, das celebracións e dos momentos de ocio. Evitemos lugares sen vida (o que alguén denominou “non lugares”), espazos nos que só haxa turistas de paso, sen poboación local. Non ten sentido a visita a espazos que poden ser moi fermosos, pero no teñen corazóns, porque están na realidade están ocios, mudos, baleiros de xente do lugar. Procuraremos un turismo que conviva coa sustentabilidade medioambiental e o desenvolvemento social inclusivo do noso.

Máis dunha ducia de iniciativas a desenvolver

- O calendario festivo tradicional: Maio-Xigantes Magosto, Fiandois, Fogueiras e Entroido... Etnografía e Antropoloxía.
- A fala: Dos corazóns á boca e da oralidade aos textos dos poetas da terra. Etnografía e Literatura.
- O teito: Do colmo de centeo ao teito. Etnografía e Arquitectura.
- Os xogos: Dos bolos de Teixeira á billarda na vila. Etnografía e Antropoloxía.
- O baile: Do rezo ao baile. Da romaría á verbena. Etnografía e Antropoloxía
- As gaitas. Das pandeiras e dos gaiteiros do país. Etnografía e Musicoloxía
- Do rego ao horto e do horto á feira. Negocio e ocio. Horticultura
- Das flores ás cortiñas. Da flora á fauna. Etnobotánica e Ecocultura.
- Dos cantos dos paxaros ás estacións. Ecocultura.
- Da viña á bodega. Negocio e ocio. Etnografía e Etnoloxía
- Do souto ao magosto. Negocio e ocio. Etnografía e Gastronomía.
- Da veceira ao fiandón e á feira. Dereito, negocio e ocio
- Do río ao muíño... prácticas e aproveitamento das paisaxes naturais
- Do concello (pedanía) ao Concello. Dereito consuetudinario
- Do bosque ao mego. Ecocultura. Artesanía.
- Da corte ao pote. Dos berros e das leiras ás cociñas. Gastronomía.

- Da toponimia a paisaxe máxica. Dun nome dun lugar, castro ou cova á lenda. Léxico e Mitoloxía

A Escola aposta e propón unha resposta colectiva

A salvagarda do Maio precisa unha revitalización do conxunto do Patrimonio, as ameazas e debilidades doutros bens culturais, en xeral, fano máis débil, logo non debemos traballar pola salvagarda exclusiva da Festa do Maio.

Trátase dun camiño colectivo dende o horto aos soutos, da viña á bodega, abra un vieiro integral, para sentir a terra, vivir a identidade nos traballos e nos días de verdade, sen *postureo* e sen complexos, que significa procurar unha alternativa para o conxunto de bens que gardan como tesouro agochado esta vila e a súa contorna, impedindo a destrución da riqueza herdada.

A presenza da mocidade que representa O Fiandón Berciano, o rigor que pode aportar Cultura 54, o espírito de colaboración de Burval, da Confraría de Fombasallá, dos bodegueiros e de todos os presentes eiquí, fainos sentir esperanzados de que é posible, esta iniciativa. Debemos para elo, implicar á administración local máis a fondo porque Vilafranca debe e pode liderar un proxecto distinto e reclamar ás restantes administracións e institucións o apoio necesario dando pasos sen ambigüidades, con destreza.

Nosoutros cremos que Vilafranca pode liderar na comarca un proxecto de gran calado co patrimonio inmaterial como bandeira. Estas Xornadas son un primeiro encontro do que esperamos, tras do diálogo e o consenso, acordar unha estratexia colectiva para salvagarda do PCI de Vilafranca. Temos ferramentas, un mego cheo de frutas maduras de tradicións que son a esencia dos proxectos que defendemos as asociacións eiquí presentes. Seguimos abertos a sumar, pero damos un primeiro paso para traballar en común, podemos comezar sen máis demoras. Poñamos data e hora para a próxima reunión. Está botando a andar unha alternativa de futuro que nos permita vivir a identidade, sentirmos a terra.

Graciñas por contar con nosoutros para a conquista dun nós.